

LIBRA

UNHA CRONOLOXÍA DO AZAR

POR OSKAR HAUSER

Para Ashley, der amerikanische Freund

O 22 de Novembro de 1963. Dallas.

O trixésimo quinto presidente dos USA, percorría a cidade de Dallas en visita oficial a bordo dun descapotable cando foi tiroteado nunhas circunstancias todavía hoxe en día pouco esclarecidas. A versión oficial, a da Comisión Warren, diría que John F. Kennedy, de igual xeito que Lincoln no seu día, fóra asasinado por un fanático

Malia a versión oficial os acontecementos que rodearon o mandato de Kennedy especialmente en todo o relacionado coa codiciada illa de Cuba, sembraron moitas dúbidas en torno a autoría do magnicidio. Entre o estragado desembarco na Bahía de Cochinos en 1961 e a Crise dos misiles de 1962, no punto álxido da Guerra Fría, e a participación da omnipresente CIA, de membros da Mafia e de axentes anticastristas, xurdiu un espeso tecido ao redor da solitaria figura que pasou á historia como o único autor en solitario dos disparos que remataron coa vida do presidente. Nin tan sequera dous días despois, Jack Ruby poría punto e final a posibilidade de botar man do testimonio do único acusado, disparándolle agochado entre os policías e os periodistas que o escoltaban dende a comisaría de policía ao cárcere.

“A felicidade non se basa nun mesmo, non consiste en teren unha pequena casa, en dar e recibir. A felicidade acádase ao participaren na loita, na que non existe unha fronteira entre o propio mundo e o mundo en xeral.”

Lee H. Oswald, Carta ao seu irmán.

Libra o sétimo signo do zodíaco, o signo de Lee H. Oswald, o fiel da balanza, símbolo do xusto equilibrio entre os poderes. Cara onde se inclinará o destino dun individuo que quere alterar o significado da súa vida ao mesmo tempo que quere alterar a liña principal da sucesión dos acontecementos que marcarán a historia. Pode un desgraciado mudar o signo dos tempos?

A converxencia final entre a historia recente dos USA, simbolizada na figura do propio Kennedy e a do propio Lee Harvey Oswald serviu de trauma fundador dos últimos cincuenta anos do país que mantén o poder e a hexemonía mundial. O relato de DeLillo propón un contrafáctico narrativo que ofrece a posibilidade de segui-lo testimonio de Oswald máis alá da tecnicidade burocrática de milleiros de documentos, de probas, de pistas, clasificados e revisados meticulosamente. Xustamente para levantar unha muralla entre nós e o indecible: o acontecemento. Mal de arquivo.

I

Doutro lado do Outro

A narración persegue durante boa parte do relato as propias tribulacións de Lee. No seu interior xa confabulaba co destino dende a súa infancia. Rapaz proclive ás conviccións mentais. Existe un mundo dentro do mundo Quizais marcado pola ausencia da figura paterna alomenos para a conciencia da súa nai. O paso polos Marines, a súa deserción a URSS o seu desencanto coa URSS. A súa volta a norteamérica. Tódolos seus pasos semellan intentos desesperados de chama-la atención do Outro simbólico, de dirixirse a el

directamente, cun pé na certidume dunha resposta e outro no silencio máis solitario e asfixiante. Dunha lóxica implacable a súa procura do Socialismo, da sociedade xusta, fronte a irrealidade da fantasía do sono americano, a utopía do consumo ilimitado, é para el un xeito fundi-la loita persoal coa vida colectiva: o destino histórico. Na procura do histórico Libra vai apuntando unha morea de reflexións sobre a concepción da historia. Oswald móvese na procura da corrente histórica que o levara cara o seu destino. A partires da súa propia percepción das condicións de vida no seu páis de orixe e nas vidas exemplares dos revolucionarios atopa pulos para a súa misión:

"Os libros eran a loita. Tivo que combater para extrae-lo sentido esencial do que lía. Os libros eran expresión da loita. Houbo loitas para escribilos, para vivir. A Lee parecíalle axeitado que, a miúdo, eses textos inflexibles fosen masas de densa teoría. Canto máis difíciles eran os libros, con maior firmeza establecía a distancia entre si mesmo e os demais."

(DeLillo, 2005:44)

De igual xeito a loita na dimensión social da súa vida reflicte a loita no seu interior entre os seus múltiples eus, algúns manifestos outros segredos, como Hidell, pero ao final cunha conciencia clara da segreda certeza final:

"O fin da historia consiste en superar a túa propia pel. Sabía que Trotski escribira que a revolución non nos saca da escura noite do eu illado. Na historia vivimos eternamente, alén do eu e do ser. Non estaba convencido de saber exactamente que era o ser, pero sabía que se ocultaba en Hidell."

(DeLillo, 2005:44)

A súa estadía en Atsugi a Base norteamericana dos U2 en Xapón, paradoxos do destino nunha vida chea deles, permitiulle contactar co avión espía o outro grande protagonista de ese singular momento da Guerra Fría e das vidas do propio Oswald e máis de Kennedy. O descubrimento público do até antón avión fantasma coa captura do piloto do U2 Gary Powers por parte da URSS cando

sobrevoaba o seu territorio coincidindo coa presenza de Oswald na URSS o 1º de Maio de 1960, e o descubrimento dos misiles soviéticos en Cuba no 62 e a posterior crise internacional, foron dun grande impacto político e social. Demasiados segredos.

En xeral o seu paso polos Marines, antes da súa deserción, foi coma un treinamento persoal, a aprendizaxe do código de guerra e dos principios do manual de Marines. O consello de Guerra e o confinamento na prisión militar da base, non fixeron máis que fornece-lo seu interior.

"Talvez o calabozo fose un tipo de relixión: prisión pura. Algo que levabas contigo toda a vida, a contrapartida da política e as mentiras. Isto era máis profundo que o que podían predicarche dende o púlpito. Contiña unha verdade que ninguén podía desmentir. Avanzara nesta dirección dende o principio. Era inevitable. "

(DeLillo, 2005:114)

A interiorización da mentalidade militar, da pura violencia, dos límites que cómpre manter para poder seguir vivo. A lei marcial, o estado de excepción permanente sen máscaras. O código de raias brancas torna visible os límites que até entón estaban implícitos na vida militar. Disciplina pura para os desviados.

"Construíran a prisión para mantela limpa. Era alí onde instalaban as raias brancas. Todo absolutamente todo dependía das raias. A prisión era o sitio onde tódalas raias pintadas na mentalidade castrense se volvían definitivamente brillantes e limpas. En canto o entendeu, soubo que lles collera o punto.

(DeLillo, 2005:122)

E moitos intres de soedade e illamento para a lucidez, para reflexións e desvarios. Límite incerto:

"Orwell refírese á mentalidade militar. O Estado policial non é Rusia. Éo calquera Estado onde exista unha mente capaz de pensar manuais cheos de regras para matar."

(DeLillo, 2005:120)

A deserción á URSS, foi un paso máis no avanzar na procura de ese algo inalcanzable, no cumprimento dunha traxectoria vital. Malia a súa dislexia, amosa un inquebrantable esforzo mesmo por aprende-la lingua. *Creo que na Unión Soviética existe algo singular que quero comprobar persoalmente.*

(DeLillo, 2005:124)

En Moscú con 20 anos, leva a cabo o xesto performativo da deserción, de incorporarse á loita, de desvela-lo segredo, de poder identifica-lo seu mundo interior co mundo exterior. Renunciando a cidadanía norteamericana, mentres non fora posible a revolución socialista tamén nos USA. A negativa inicial das autoridades levoa ao acto desesperado de tenta-lo suicidio. Existe un mundo dentro do mundo. Pero a chamada resulta efectiva.

O KGB faise cargo de Lee. Comenzan os interrogatorios baixo a dirección de Kirilenko e coa desconfianza das autoridades rusas ante unha convicción tan pura:

"Alek sentía simpatía polo rapaz. Loitaba contra o seu destino, si, tratábase exactamente diso, como un ser do universo social de Marx...Claro que os idealistas son sempre imprevisíbeis. Adoitan mostrarse críticos da noite á mañá, enganados polas mentiras que se dixeron a si mesmos. "

(DeLillo, 2005:181)

A Procura dunha nova identidade no país da revolución comeza co seu traslado a Minsk, alí chamano Alek. Concédénlle un posto de traballo na fábrica e únese en matrimonio con Marina Prusakova. No transcurso dos días a decepción sobre

a limitada capacidade de manobra que lle conceden as autoridades rusas remata por convencelo da necesidade dun novo cambio de rumbo. Novamente a fe no destino, a confluencia co tempo histórico. *Tomo notas para un ensaio sobre "O asasinato da historia": a terrible marcha do comunismo soviético.*

(DeLillo, 2005:232)

"O destino é máis extenso que os feitos ou os acontecementos. É algo no que crer máis alá das fronteiras correntes dos sentidos, agora que Deus está tan apartado das nosas vidas. "

(DeLillo, 2005:223)

Volta aos USA. Oswald escribe O kolectivo texto sobre a súa experiencia en Rusia. De seguido retoma-las súas actividades militantes, principalmente a propaganda en favor de Cuba, aínda que dun xeito persoal. O abismo tórnase máis profundo. Malia que as autoridades vixían os seus movementos, planifica e leva a cabo o asasinato do fascista Xeneral Walker en Dallas, e erra. Afástase intermitentemente da súa familia, maltrata a súa muller e descoida os seus fillos. Existe un mundo dentro do mundo. Merca o rifle Carcano ...

"Estaba encerrado no minúsculo cuarto, onde creaba un deseño e unha rede de conexións, experimentaba unha profunda sensación de destino. Era unha segunda existencia, o mundo privado que se despregaba en tres dimensións".

(DeLillo, 2005:299)

Procura o contacto coas autoridades cubanas en México e novamente fracasa. Emite sinais desoncertantes, paradóxicas, nun código que non é comprensible para quen o recibe. Ninguén o reconece como axente, o seu desexo por continua-la loita por acadar unha oportunidade en Cuba, non ten resposta.

Até chegar o momento de resolución acosado pola impaciencia da acción, o momento de fundirse co acontecemento, de saltar ó abismo:

"Pensou que o único modo de poñer fin ao illamento consistía en chegar ao extremo no que xa non estaba separado das auténticas loitas que o rodeaban. O nome que damos a esa encrucillada é historia".

(DeLillo, 2005:270)

O 22 de Novembro...

II

Ontoloxía dos segredos

Existe un mundo dentro do mundo.

Hai toda una dimensión que se abre no relato por mor da imposibilidade de coñecermos-la verdade, polo propio plantexamento da peculiaridade da historia que se está a contar, por un lado, pero tamén por unha limitación propia. A condensación informativa sobre o acontecido en Dallas aquel 22 de Novembro fai improbable o artellamento dun relato histórico, que pretenda unha versión obxetiva dos feitos, que aspire á verdade única.

O paradóxico do comportamento do protagonista sostén ao mesmo tempo a fe no destino como algo imposible e necesario. Oswald era un revolucionario porque tiña fe no destino da súa causa e da converxencia nela de todo un movemento histórico. Se hoxe poderíamolo catalogar ou archivar psicopatolóxicamente é porque ese movemento tivo o éxito relativo de mante-la súa vixencia. A verdade é un segredo non só para a Comisión Warren ou para nós, senón tamén o propio Oswald. A construción dun mundo dentro do mundo, corre parella á construción dun non-lugar o que ninguén pode chegar, como na propia enfermidade:

"A febre é algo segredo. É como caer nun pozo polo que ninguén pode seguirte"

(DeLillo, 2005:296)

A paranoia que emana do relato provén da convicción do protagonista, da súa certidume no seu camiño, a confianza na identidade entre un interior e un exterior. Ao mesmo tempo o absurdo do seu comportamento o desequilibrio entre un adentro e un afora, é patente para unha mirada externa. Con todo non deberíamos esquecer-lo carácter ontolóxico dos segredos, que construen una liña vital. Apelan a unha creenza que pode ser compartida ou non, pero que é necesaria en toda unha dimensión existencial. E o carácter segredo da verdade o que compartimos non o segredo en sí. Con motivo da recente reedición de *Libra* DeLillo escribiu un Limiar para o seu relato titulado *Aura magnicida*. (1)

"Algunhas historias nunca rematan. Mesmo nas panorámicas da historia viva, no filme e no video como instancias salvadoras, hai historias que agardan un final, abertas ao pulo da análise racional e a especulación enfeitizada. Estas historias, algunhas delas, amosan un tipo de condensación, que se filtra na textura da vida cotiá, dificilmente separable das dez mil pequenas excitacións que definen un día rutineiro, de pasividade visual e auditiva procesada polo modelado cerebro consumidor".

(DeLillo, 2006: V)

Nun primeiro plano está a importancia que lle concede a abertura do sentido da narración, especificamente nun sentido histórico. Ademais faise eco de varios feitos salientábeis relacionados co magnicidio. A xa tematizada cuestión da indecibilidade do acontecemento, por enriba de toda a documentación do caso, volve a estar presente agora. O feito da nosa creenza no discurso científico e tecnolóxico, na creenza no seu progreso que permitirá una resolución dos interrogantes do caso. Principalmente do interrogante de se houbo un só tirador ou varios.

DeLillo recolle a aparición dunha gravación feita dende a moto dun policía presente no tiroteo e que tiña o micrófono aberto polo que foi recollida rutineiramente na central da policía de Dallas. É a única gravación de audio que hai do momento crucial. A fita foi descuberta posteriormente e nos anos 1979

e 1982 houbo estudos e pescudas que non chegaron ás mesmas conclusións ao respecto. Coa aparición de novos medios tecnolóxicos agardase que se poida descubrir se foron tres os disparos, un só tirador, ou máis disparos, varios tiradores. Novas expectativas á fin.

En Libra por suposto hai un segundo tirador, que ten nome e nacionalidade e así é como a historia tórnase o tecido da ficción. Con todo, non é a resposta que científicos, curiosos, xornalistas e investigadores procuran, é simplemente o home que se atopa non espazo en branco:

"A tecnoloxía tende a representar un empuxe cara ou futuro, unha promesa acelerada de sistemas micro refinados e profundas redes sonda no xeito no que vivimos e pensamos. A tecnoloxía reclama o futuro no noso nome. Tamén ten a capacidade de reclamar o pasado, nomeadamente, neste caso, un senlleiro momento elusivo atrapado nos sucos dunha vella fita dictafónica".

(DeLillo, 2006:VII)

Ainda que é posible imaxinarnos un esforzo que non apoie unha resposta clara a pregunta sobre os disparos, prosegue DeLillo, e do mesmo xeito tamén podería haber unha resposta clara seguida de interminábeis obxeccións de tódolos tipos, sempre se definirán estas visións dentro dos estritos límites, na teoría, da investigación científica, ou racional.

A tremenda forza impactante da historia moitas veces ao azar a cotío sen lóxica ou propósito, pode producir unha obra de ficción que se apoia para a súa eficacia en modelos e estruturas, nun detallado desvelamento de algúns vellos desconcertos e angustias, algunha confusión persistente alí fóra, en tres dimensións, onde o sangue é espeso e real, pero os disparos poden ser incontables. Pero, quizais, algún día cando esta peza xa estea escrita, malia que quizáis non publicada, os físicos de partículas do Laboratorio de Berkeley rematarán o seu traballo e prepararanse para tirar un sinal do obxecto coñecido como Dictabelt Nº 10. Entón, é posible, haberá un número que dar á rafaga de disparos. Tres ou catro, ou serán cinco?

"Pode algún número se-lo derradeiro?"

(DeLillo, 2006: VIII)

Malia que queremos crer que estamos a tratar coa ciencia, non coa metafísica, tamén tratamos con seres humanos, por suposto, xente nas tebras dun acontecemento épico, que xerou forte controversia ó poñer en conflito achados científicos, e discusións sen fin entre os defensores desta ou daquela versión da verdade.

Ant Farm, un colectivo contracultural fixo unha performance non ano 1975 recreando o momento no que o Cadillac presidencial avanza por Elm Street e se produce o tiroteo. Dous membros do colectivo, un ao xeito Drag facían da parella presidencial no auto. Os turistas levados pola curiosidade fóronse xuntando durante ás repetidas veces nas que fixeron o percorrido. Uns tiñan a súa gravación, os outros as súas fotos, ninguén fixo o papel de Oswald. Pero algunha xente que miraba, chorou ao veren de súpeto a sacudida do presidente-performer non asento de atrás, sufrindo unha imaxe mortal. Ant Farm recreou un acontecemento mediático, non un disparo. Recreaban a gravación de Abraham Zapruder, a súa versión chamada The Eternal Frame:

“é un acto de arrepiante e frío surrealismo, con significados amoreándose por intres nunha enorme bolsa de plástico hermética chea de aura magnicida”

(DeLillo, 2006:8)

Ao final dunha representación dun grupo de Teatro checoslovaco de monicreques titulada The Life and Times of Lee Harvey Oswald no 2004 pensou DeLillo que non se decatara de se na representación fora resolto o misterio: tres ou catro disparos?. Tampouco semella posíbel a solución nun mundo de marionetas movidas a través de fíos.

Foi a intención de Oswald selar o seu destino xunto co do presidente John F. Kennedy ou foi un monicreque nas máns de escuros intereses?

Mira a verdade e coñece, se podes.

(DeLillo, 2006: X)

“Artellar historicamente o pasado non significa coñecelo “como verdadeiramente foi”. Significa apoderarse dunha lembranza tal como esta lostrega nun intre de perigo. Ao materialismo histórico cómprelle aferrar unha imaxe do pasado tal e como esta lle sobreven de súpeto ao suxeito histórico no intre do perigo. O perigo ameaza de igual xeito ao patrimonio da tradición que a quen ten que recibilo. Para ambosdous é un e o mesmo: prestarse como ferramenta da clase dominante.”

(Benjamin, Teses: VI)

III

Poligrafías

A historia funciona aquí como un texto (incompleto) que se reescribe a si mesmo, que nós reescribimos máis aló dunha interpretación histórica, da posibilidade dunha comprensión establecida e estabilizada. Isto non impide que nos desfagamos das consecuencias de todo acontecemento histórico, esas que cómpre que incorporemos na nosa propia historia.

Procura-las pontencialidades estragadas por mór do contexto histórico, por si queremos ou podemos facelas nósas. Así a nosa historiografía anda a procura deses vieiros perdidos que son os nósos non só para evita-lo seu esquecemento, senon para vencellos nun presente agora. Á marxe dos monumentos culturais. Entende-la nosa situación de excepcionalidade e a doutros intres e abrirse paso quizais onde outros fracasaron, traballar pola revolución agora. Con todo, semella ser un xesto performativo o de vencellarse a un pasado, ao sentido da historia tal e como a queremos facer.

Esta historiografía que nos corresponde cremos que é unha sorte de poligrafía, reparando no que sempre foi: a arte de escribir dun xeito segredo ou extraordinario, de tal xeito que o escrito sexa intelixible agás para quen poida descifralo. Segredo que funda a comunidade ao redor do baleiro. Porque o necesario é no mesmo intre imposible, non hai máis política que o aquí e o agora: unha polifonía de posibilidades que se artellan nunha constelación.

Libra parece remitir á imposibilidade de separar entre o que pode ser unha simple coincidencia ou un patrón significativo. Nicolas Branch, o axente da Cía illado na súa habitación chea de documentos, que teima na procura da verdade semella loitar contra unha pantasma. Atado a unha cadeira tratando de comprender, a través dun laberinto o que non é comprensible. (2)

Esa persoaxe que, como di DeLillo, “sostén que os feitos son cousas fráxiles. Sostén que o pasado está a cambiar mesmo se el senta e pensa nel”. Quizais por iso insiste DeLillo na dislexia de Oswald na súa incapacidade para comprendela escrita, como motivo das dificultades de todo interprete por acadar unha versión definitiva, que transite directamente á acción.

Ao mesmo tempo sinala un claro afastamento do ronsel do progreso, xa que non pode avanzar por acumulación de coñecemento. Porque o desciframento non é cuestión dun tempo artellado homoxeneamente, dunha esperanza aforrada nunha reiteración de agoras. Por iso o recurso temporal, en función dunha solución tecnolóxica no futuro está abortado. Non se pode agarda-lo futuro para a revelación do enigma, do segredo, porque non se pode agarda-lo imposíbel.

Neste sentido se a filosofía da historia hegeliana, que viaxa cun morto chamado positivismo, é a imaxe da ideoloxía burguesa do progreso, a nosa. Quizais deberíamos atende-la súa concepción do tempo, nun sentido máis técnico. Non só deconstruí-la súa ideoloxía en base a unha reorganización contextual tendo e conta a imposibilidade de reconstruírmo-la súa significación histórica no seu agromar. Senón pescudar nos seu aparello teórico, na súa gramática, como se

desenvolve o seu pensamento por mor do tempo, e derriba-la súa estrutura conceptual, aquela que sustenta esa ideoloxía.

Nun pensamento rebaixado a nota ao pé da páxina escoitou un día Derrida un lamento. Algo apagado. Unha simple disonancia. “*Ousía e Gramme*”. Se Heidegger podería estar no certo con respecto a concepción do tempo de Hegel, o comentario de Derrida, a súa vez, parece amosar algo fundamental apuntando cara o nefasto do pensamento de Heidegger no fondo do plantexamento da noción de autenticidade do tempo, ou do orixinario. Interesante tamén como Derrida leva a cuestión do tempo cara á de escritura. Que pensarmos entón da Ciencia da Lóxica como escrita? Cal é a política do tempo que emerxe con ela? A mediación (*Vermittlung*) nun sentido hegeliano precisa dun tempo homoxéneo para se producir, senón a nova inmediatez (*Unmittelbarkeit*) non podería surxir como algo novo conceptualmente pero abstraído dun contexto que lle outorga o seu dinamismo. Así a enigmática negatividade parécese á Plusvalía marxiana, é extraída polo capital da vida animal. Pero todo este proceso desenvólvese no tempo, a través dunha conceptualización que non pode evitar segui-la a concepción do tempo burguesa, a única que lle pode servi-lo capitalismo para perpetua-la súa abstracción desexante, e que precisa dun tempo homoxéneo e baleiro.

Habería que preguntarse se en Marx a estrutura conceptual non responde ao mesmo patrón, se a loita contra o Capital no é unha loita a contratempo. Unha teoría da revolución que confía todo o seu empuxe na ruptura da inmediatez a unha mediación no histórico, non só continxente, senón librada con forzas desiguais. Ese é o límite da dialéctica: o imposíbel. A cronoloxía do azar, doutro xeito, é unha aposta, por dicilo retorcendo un pouco as verbas, unha a-posta, non é algo que o suxeito poida poñer, é precisamente un salto no baleiro.

E todo esto cando sabemos que Hegel nin sequera é un significante unívoco, moito menos para a historia da filosofía. Pouco máis que una tumba que visitar no cemiterio Dorotheenstädtischer en Berlín, un monumento funerario digno de Kafka. Derrida, a piques de se converter, hoxe en día, el tamén nun

momento funerario, deixou un aviso para navegantes perdidos chamado Glas. O xusto para pecha-los ouvidos con cera e escapar do canto das sereas. Un tanxido que marca o paso do tempo, un recordo, un dó que faceren. Glas é, tal vez nalgunha lingua, unha medida de tempo, equivalente a media hora. Quizais un termo de orixe náutica que se empregue para regular o cambio das gardas, sinalando a fin dunha garda e o comezo da seguinte. Seguramente chamábanlle así porque cada volta que o reloxo de aréa completaba tocábase unha campá náutica, que por extensión algúns adoitaron chamaren *Glas* (vidro).

Os fragmentos de Benjamin sobre o concepto de historia anuncian unha crítica ao materialismo histórico dende unha cronoloxía do azar. Cal é o tempo da revolución é cal é o tempo da historiografía que vai narra-lo acontecemento se a revolución é indecible? Benjamin apela a historia dos estragados, como a ruptura dun potencial que quedou sepultado baixo as ruínas dunha civilización que avanza baixo o pulo do motor do progreso, ese é o seu carácter emancipador. A marxinalidade, o que quedou fóra, excluído, potencial estragado polos límites positivos marcados pola Lei, pero que permanece coma unha pegada.

A tarefa do historiador fronte a todo historicismo é unha historia que non se construe nun vacío tempo homoxéneo. O seu agora sempre xorde dun contexto e fala dun segredo, dunha pegada, dun límite infranqueable. Na procura dunha constelación que se forma polos anacos dunha cronoloxía do azar.

“O historicismo conténtase con establecer un nexo causal entre os diversos momentos da historia. Pero ningún feito é histórico simplemente por ser unha causa. Serao póstumamente, en virtude de sucesos que poden estar afastados del por milenios. O historiador que tira de aquí o seu punto de partida xa non deixa máis que a sucesión dos sucesos lle corra entre os dedos como as contas dun rosario. Colle a constelación na que a súa propia época entrou cunha época anterior previamente determinada. Funda así un concepto do presente como tempo-agora no que están espaxadas estelas do tempo mesiánico”.

(Benjamin, Teses: A)

Escoitase un clamor que provén do relato de Oswald, ao que alude Libra. O sétimo signo do Zodíaco, a pegada dunha diferenca radical, do acontecemento. *A revolución ten que ser unha escola de librepensamento.*

E, cara onde nos inclinaremos nós?

Notas

[1] “Assassination Aura” Penguin Books, 2006. Páx. V-X. A tradución por Aura magnicida non recolle un matiz que podería estar no termo Aura en Inglés, no contexto no que o emprega DeLillo e o que se fai referencia no propio texto. “Aureal” significa auditivo en Inglés aínda que é un termo asociado a escrita para evita-la homofonía na fala con “oral”. Podería ter que ver co feito fundamental de que a derradeira proba semella se-la gravación do son dos disparos.

[2] Aquel que di na novela: “Despois de Oswald, á xente en América xa non se lle pide que leve unha vida de desesperación inerte. Pides unha tarxeta de crédito, mercas unha pistola, viaxas a través dos suburbios e centros comerciais, anónimo, anódino, na procura dunha oportunidade de dispararlle á primeira faciana famosa baleira e enchida, só para permitiren que a xente saiba que hai alguén que le os xornais” (DeLillo, 2005:181)

Bibliografía

A.)

Delillo, Don (1988): *Libra*.

Seix Barral, 2005.

(Ediciones B: 1988)

-Penguin Books, 2006.

Nova edición, con novo
limiar: "Assasination Aura".

B.)

Benjamin, Walter:

Gesammelte Schriften.

Suhrkamp, Frankfurt a. M.,

1982- .

-*La dialéctica en suspenso*.

Fragmentos sobre la

historia. Arcis-LOM,

Santiago de Chile, 1990.

Trad. P Oyarzún.

Derrida, Jacques: "Ousía et

Gramme" en *Marges de la*

Philosophie, Éditions de

minuit. Paris,1972.

Márgenes de la Filosofía.

Cátedra, Madrid, 1994.

Trad. C.G.Marín.

Don DeLillo,

New York,1936

Americana(1971)

Players (1977)

White Noise

(1985)

Libra (1988)

Mao II (1991)

Underworld

(1997,2001)

The Body Artist

(2001)

Cosmopolis

(2003)

Falling Man

(2007)